

AO PLENO DO CONCELLO DA POBRA DE TRIVES

FRANCISCO JOSÉ FERNÁNDEZ BLANCO, maior de idade, veciño de Pobra de Trives, con enderezo en rúa Marqués de Trives 42 e provisto de DNI 34995252Q, comparece e como mellor procede en Dereito, **Dí:**

Que con fecha vinte e sete de maio de dous mil quince celebráronse as eleccións municipais, ás que acudía formando parte da lista da agrupación de electores “Agrupación Trivesa Independente”.

Que a agrupación a que pertencía obtivo el 61,47% de votos, e polo tanto, SETE Concelleiros.

Que tomei posesión do cargo de Concelleiro o día trece de xuño de dous mil quince, tras cumprir coas obrigacións impostas pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, del Réxime Electoral Xeral, e tomei posesión do cargo de Alcalde o mesmo día, tras ter sido presentadas as diferentes candidaturas e habendo sido elixido en votación a man alzada realizada por los Concelleiros do Concello.

Despois de sete anos como alcalde, e tres máis como concelleiro na oposición, traballando pola idea de cambiar Trives, con acertos e tamén con erros, os feitos acontecidos nos últimos meses precipitaron a decisión de dicir adeus. Non ten sido fácil manter a independencia política coa que naceu a Agrupación Trivesa Independente no 2007; e cando as miñas ideas non son as mesmas que as dos concelleiros do goberno, é o momento de deixalo. As presións recibidas doutras administracións teñen provocado unha fenda no grupo, producindo a deslealdade dalgún concelleiro. Non sempre se ten respectado o papel do alcalde. Non todos os concelleiros de ATI entenderon a miña decisión de votar en contra dunha ilegalidade (da que advertía un informe xurídico) no consello de administración de MEISA; cedendo ás presións e malas artes que dende a “Ourensanía” lles facían chegar. A situación chegou ao límite cando no último consello deleguei o meu voto na presidenta. Non estou disposto a votar a prol de acordos ilegais nin tampouco a aceptar presións e chantaxes doutras administracións. Precisamente, ter mantido a independencia coa que construímos ATI, ten provocado que as administracións non só que non nos teñan axudado, senón que intentaran comprarnos por uns sacos de cemento. A min non.

Marcho eu. Non me bota desta volta unha moción de censura. Non me bota quen ilexítimamente goberna a mancomunidade. Non me bota a funcionaria sancionada por desobedecer as ordes da alcaldía e por emitir informes falsos coa intención de entorpecer a labor de goberno, cousa que sigue facendo. Eu non me debo a ningún partido e o salario de 887 euros deixa ben ás claras que non estou en política polos cartos. Vin para intentar mellorar Trives e débome á veciñanza; mais agora creo que o mellor para todos é que eu me aparte e sexa outra persoa a que ocupe o cargo de alcalde. Espero que isto sirva para recuperar a senda dos ideais cos que

naceu ATI. Lamentaría enormemente ver que o meu sucesor acaba sendo o candidato do Partido Popular nas vindeiras eleccións municipais.

Como un día me dixo un colega alcalde: “Tocounos a peor época para gobernar”. Dende 2011, coa Lei Montoro, os concellos estamos intervidos e a autonomía municipal desapareceu. A iso súmase traballar cunha secretaria-interventora que por costume desobedece as ordes e indicacións que como alcalde lle teño dado, emitindo informes co único ánimo de entorpecer a labor de goberno. Ademais, atopei un concello anticuado e cunha importante débeda, que neste tempo fomos reducindo. Iso non impediu que o concello se transformara, coas limitacións que supón gobernar un concello do oriente ourensán sen axudas doutras administracións.

Marcho satisfeito polo cambio dado na pola política cultural e turística, demostrando que gobernar non é só poñer farois e botar cemento. Con poucos recursos, a nosa oferta de ocio e deportes nada ten que envexar a de concellos con moitos máis cartos. Sempre governei de cara aos veciños, sen esquecer que foron os triveses os que me elixiron para representalos, pero fuxindo de políticas clientelares. En Trives non se venderon favores neste anos. Tampouco me deixei comprar.

Marcho agradecido a todos os empregados municipais que teñen amosado a súa vocación de traballo para a veciñanza e a súa profesionalidade. Levo aprendido moito deles.

Foi un orgullo ser o alcalde da miña vila, e telo sido logrando unha maioría absoluta presentándonos como o que era ATI, un grupo de veciños que quería cambiar Trives. Non nolo teñen posto fácil, e as pedras no camiño témolas saltado todos xuntos. Agora que xa non é así, marcho.

Manifesto a decisión de renunciar ao cargo de Alcalde que ocupo no Concello de Pobra de Trives, e así mesmo a miña condición de concelleiro.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se tome coñecemento polo Pleno deste Concello da miña renuncia ao cargo de Alcalde e tamén á de Concelleiro.

En Pobra de Trives, a dezoito de decembro de dous mil dezasete.

Francisco José Fernández Blanco
(Asinado electrónicamente)
O ALCALDE